

## **RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2008**

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#).

### **1. Informe do reitor**

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno dos asuntos tratados nas últimas reunións realizadas, desde a última sesión do Consello de Goberno, pola Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), polo Consejo de Universidades, polo Consello Galego de Universidades e mais polo Consello Social da Universidade da Coruña. A respecto disto, o Sr. Reitor aproveita tamén para indicar que, ao igual que o resto de reitores e reitoras doutras universidades, descoñece o borrador do estatuto do PDI, pois o ministerio competente non o deu a coñecer entre a comunidade universitaria, aínda que si fale del. Igualmente, dálles conta aos membros do Consello de Goberno do feito de que o Consello Social da Universidade da Coruña xa realizou a súa primeira sesión baixo a presidencia do Sr. Abril Abadín. Remata a súa intervención comunicando que, con toda probabilidade, o Consello de Goberno deberá realizar unha sesión extraordinaria no mes de novembro, en que se tratará unha nova relación de propostas de grao.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías, quen informa os membros do Consello de Goberno da cuarta convocatoria de contratos programa da nosa universidade, que nesta edición se centra no apoio a todas aquelas accións e iniciativas destinadas a facilitar a implementación do Espazo Europeo de Educación Superior na Universidade da Coruña. Remata a súa intervención dando conta da quinta convocatoria de grupos departamentais de calidade que tivo como resultado a configuración de 99 grupos, en que se integra un total de 369 docentes.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das validacións de expedientes que foron executadas desde a última sesión do Consello de Goberno, de acordo coa Comisión de Asuntos Económicos. Esta comisión, delegada do Consello de

Goberno, validou na súa sesión do día 23 de setembro expedientes de gasto (incluídos nos expedientes C-14 e C-15) por importe de 441.311,89 euros .

O Sr. reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa. Comeza a súa intervención con temas especificamente relacionados co Campus de Ferrol, de modo que indica que o pasado día 9 de outubro de 2008 se fixo o relevo na dirección da Cátedra Jorge Juan, posto que D. José M.<sup>a</sup> Cardona Comellas, o capitán de navío enxeñeiro, substitúe á fronte da cátedra a D.<sup>a</sup> Julia Pérez Iglesias, profesora da Universidade da Coruña. Tamén informa de que, un ano máis, comezou a campaña *Visita o teu Campus*, a través da cal máis de 600 estudantes visitaron o Campus de Ferrol ao longo destes últimos dous anos académicos. Remata esta epígrafe relacionada co campus de Ferrol coa indicación de que este ano foi editado un cómic e se ampliou a documentación que lle foi entregada aos representantes dos colexios, para o cal se contou coa colaboración do Centro de Formación do Profesorado, co fin de que o profesorado implique os nenos e nenas no xogo interactivo *Visita o teu Campus* que se editou en formato CD e que se lles repartirá a todos os visitantes.

Segue co uso da palabra o Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa para dar conta de temas relacionados coa Área de Relación Universidade-Empresa. Sinala que o pasado día 8 de outubro de 2008 o reitor presentou a *Guía de Emprego da UDC*, que é unha ferramenta que se pon ao dispor da comunidade universitaria co fin de informar polo miúdo das posibilidades de emprego por conta allea, pola propia conta e dos perfís profesionais das titulacións da UDC. Trátase dunha guía que foi elaborada polo Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE) e financiada pola Consellería de Traballo. Precisamente para afondar nunha das posibilidades de traballo por conta propia, indica que foi presentada o pasado día 10 de outubro de 2008 a *Guía de cooperativismo de Galicia*, elaborada, tamén, polo SAEE da nosa Universidade e financiada pola Consellería de Traballo, e tamén, que a semana do 20 ao 22 de outubro se celebrou na Coruña e Ferrol o II Curso de Cooperativismo. Igualmente, dálles conta aos membros do Consello de Goberno de que, o pasado día 28 de outubro de 2008, a Comisión de Avaliación das Empresas de Base Tecnolóxica do Viveiro de Empresas da UDC aprobou a incorporación ao viveiro das iniciativas ICARTO e TecNica, ambas promovidas por profesorado da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos. Remata a súa intervención co anuncio da realización, durante os días 6 e 7 de novembro, da I Feira

Europea de Emprego no Campus de Elviña, en que o estudantado contará con empresas con postos no pavillón de estudantes, con diversos obradoiros e mesas redondas que se farán en Dereito e Informática. Agradécelles, finalmente, as facilidades prestadas para a organización da feira aos seus decanos e indica que ao acto de apertura que fará o reitor acudirán o conselleiro de Traballo e mais o presidente da Deputación da Coruña, institucións que financian a feira.

En nome da Sra. Vicerreitora de Investigación, o Sr. Reitor dálles conta aos membros do Consello de Goberno da relación de membros do Comité de Ética de Investigación da Universidade da Coruña, que figura no [anexo II](#).

Logo da súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación, quen informa da resolución do 20 de outubro de 2008 pola que se conceden axudas ao abeiro da III Convocatoria de axudas a proxectos de investigación en cooperación ao desenvolvemento. Fondo 0.7 UDC. Remata informando igualmente da actividades realizadas no marco do Proxecto ACTÍVATE, semana do deporte na universidade entre os días 13 e 16 de outubro de 2008.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor do Profesorado, quen informa das convocatorias de prazas polo procedemento de urxencia, realizadas desde a última sesión do Consello de Goberno.

Remata este punto da orde do día o Sr. Secretario Xeral, quen dá conta da relación de cesamentos e nomeamentos que figuran no [anexo III](#) e que foron realizados desde a última sesión do Consello de Goberno.

## **2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 23 de xullo de 2008**

Logo de indicar o Sr. Delgado Martín que na súa intervención a propósito do regulamento do Comité de Ética da Universidade da Coruña realmente o que manifestou foi que sería bo a existencia dun código de conduta ou de boas prácticas na investigación na Universidade da Coruña, apróbase por asentimento, co cambio indicado, a acta da sesión ordinaria do 23 de xullo de 2008, que estivo ao dispor dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e mais na Secretaría Xeral da Universidade.

### **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 116 convenios que figuran no [anexo IV](#), que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (2), convenios específicos (27) e convenios para prácticas (87) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Sen se rexistrar ningunha intervención, os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

### **4. Modificación orzamentaria**

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, en que se explican as razóns que xustifican este punto da orde do día, apróbanse por asentimento as modificacións orzamentarias que figuran no [anexo V](#).

### **5. Modificación parcial do Regulamento electoral xeral para a súa adecuación aos Estatutos da Universidade da Coruña**

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, que explica a proposta de modificación parcial do Regulamento electoral xeral que figura no [anexo VI](#). Trátase dunha proposta de reforma puntual e conxuntural, dado que a realidade sobre a que pretende actuar é realmente cambiante e pode levar a situacións como a actual, en que se rexistra a existencia de estudantado de primeiro, segundo e terceiro ciclos e de estudantado de graos e de mestrados. Remata a súa intervención indicando, igualmente, que esta proposta de reforma é motivada pola necesidade de adaptarmos a normativa actual á nova versión dos Estatutos da Universidade da Coruña, logo da súa reforma.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participan o Sr. Casteleiro Maldonado, quen se interesa pola inclusión do profesorado visitante no colectivo de persoas con dereito a sufraxio e mais polo cómputo dos votos emitidos para a elección de órganos unipersoais. En resposta, o Sr. Secretario Xeral indícalle que, aínda que ao día de hoxe, non hai profesorado visitante, o certo é que do punto de vista formal esta clase específica de profesorado é membro da comunidade universitaria e, polo tanto, tamén ten dereito a participar nos órganos colexiados onde se tomen

decisións que lles puideren afectar; e igualmente indícalle que a regulación do cómputo dos votos emitidos para a elección de órganos colexiados é formalmente a de sempre, polo menos, desde o ano 2004 e que nunca presentou problemas na súa aplicación. Tamén intervén o Sr. Delgado Martín, quen se interesa polo contido do artigo 3.1. a) e c), sobre electores considerados PDI para os efectos da súa consideración como electores e estudantado, en especial os dos mestrados. Remata a súa intervención, centrándose no artigo 5.4, relativo á exposición pública dos censos e o impacto que sobre esta ten a lexislación actualmente vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, de cara a garantir que non haxa vulneración nesta materia. En resposta, o Sr. Secretario Xeral sinálalle que a regulación que se contén no artigo 3 do regulamento, que vén motivada pola aplicación da lexislación laboral e da lexislación universitaria, ten como finalidade garantir que todos os membros da comunidade universitaria poidan votar, que é o que xustifica a súa redacción, mais sempre logo do cumprimento por parte dalgúns colectivos moi específicos duns requisitos mínimos de vinculación coa nosa universidade. Indícalle, tamén, que o estudantado de mestrado, para os efectos de votación, tense que equipar ao día de hoxe ao estudantado de segundo ciclo, pois deste xeito poden votar no centro que organiza o mestrado en que está matriculado, mais non para os efectos de votación nos departamentos xa que estes, en principio, non organizan os mestrados. E, por último, indícalle que a publicación dos censos nos termos indicados polo artigo 5 desta norma non implica vulneración do establecido en materia de protección de datos, segundo se lle ten informado logo de consultar esta cuestión. Remata esta quenda de intervencións o Sr. Soraluze Blond, quen non comparte o regulado por esta normativa a propósito da exclusión do estudantado dos mestrados dos Consellos de Departamentos, pois considera que si deberían estar incluídos. En resposta, o Sr. Secretario Xeral insiste no comentado a propósito da intervención do Sr. Delgado Martín e afirma que os departamentos non organizan os mestrados, por se tratar dunha cuestión sobre a que teñen competencias os centros.

Ábrese outra quenda de intervencións, en que participa o Sr. Armesto Barbeito, quen incide na realidade cambiante sobre a que opera esta normativa electoral, incluso en materia de contratación de profesorado para impartir docencia nos mestrados, que ademais foi elaborada tendo en conta o impacto directo da lexislación laboral e da lexislación universitaria nos dereitos de participación do colectivo representado polo Comité de Empresa de persoal contratado con cargos a convenios e proxectos, programa María Barbeito, programa predoutoral da Universidade da

Coruña e programas de Formación de Persoal Investigador (FPI)-Formación de Profesorado Universitario (FPU), cuxa constitución supuxo no seu día un medio idóneo para a resolución de moitos dos problemas deste colectivo, que logo foi seguido por outras universidades. Tamén intervén o Sr. Casteleiro Maldonado que fai a suxestión de facilitar a lectura precisamente do artigo 3.1.a), parágrafo segundo, proponendo un punto e seguido, de xeito que o texto quede do seguinte xeito: *«Para os efectos da aplicación deste regulamento, inclúense nas categorías do persoal docente e investigador o profesorado funcionario doutor, o profesorado funcionario non doutor, o profesorado contratado doutor, o profesorado colaborador, o profesorado asociado, axudantes, o profesorado axudante doutor, o profesorado visitante, o profesorado interino de substitución, os lectores, o persoal docente e investigador contratado pola Universidade da Coruña con cargo aos programas Ramón y Cajal, Parga Pondal e Juan de la Cierva. E, por último, aquelas persoas contratadas por obra ou servizo pola Universidade da Coruña representadas polo Comité de Empresa de persoal contratado con cargo a convenios e proxectos, programa da Universidade da Coruña para a contratación de persoas desempregadas, programa María Barbeito, programa predoutoral da Universidade da Coruña e programas de Formación de Persoal Investigador (FPI)-Formación de Profesorado Universitario (FPU), sempre que acrediten unha vinculación coa Universidade da Coruña superior a un ano dentro dos últimos dezaioito».*

Logo de reiterar o Sr. Soraluze Blond que non está conforme coa exclusión do estudiantado dos mestrados dos departamentos, apróbase por asentimento a proposta de reforma de modificación parcial do Regulamento electoral xeral que figura no [anexo VII](#) e incorpórase o cambio solicitado polo Sr. Casteleiro Maldonado.

## **6. Calendario para as eleccións aos órganos colexiados 2008**

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen informa os membros do Consello de Goberno da proposta de calendario para as eleccións aos órganos colexiados 2008, que figura no [anexo VIII](#).

Sen se rexistrar ningunha intervención, o calendario en cuestión apróbase por asentimento.

## **7. Premios extraordinarios de doutoramento**

O Sr. Reitor dálle a palabra a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións. Logo da explicación de proposta de concesión de premios extraordinarios de doutoramento que figura no [anexo IX](#), apróbase por asentimento a relación a concesión destes premios.

## **8. Cursos propios de posgrao**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da solicitude de renovación do curso Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega, que consta no [anexo X](#).

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Srs. Soraluze Blond e Casabella López, que solicitan que se adíe a súa aprobación, logo de indicar que houbo cambios nesta proposta.

Apróbase por asentimento adiar a proposta de renovación do curso Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega.

Igualmente, dá conta de que o Curso de Experto en Atención aos Maiores non se trae a esta sesión do Consello de Goberno para a súa aprobación, entre outras razóns, por causa de que o seu director solicitou a súa retirada.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Delgado Martín, quen se interesa sobre a publicidade que se ten deste curso e das medidas que se van adoptar a respecto das consecuencia desta publicidade. A Sra. Vicerreitora indícalle que se vai informar as persoas afectadas de que este curso non se vai impartir neste edición.

## **9. Regulamento de axudas a actividades estudiantís da Universidade Sénior**

O Sr. Reitor dálle a palabra a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen explica a proposta de regulamento de axudas a actividades estudiantís da Universidade Sénior, que figura no [anexo XI](#).

Logo dunha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Soraluze Blond para manifestar que, dado o éxito destes estudos, deberíase pensar no seu

recoñecemento xurídico, apróbase por asentimento o Regulamento de axudas a actividades estudiantís da Universidade Sénior.

## **10. Modificación do Regulamento de doutoramento**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen explica polo miúdo a proposta de modificación do Regulamento de doutoramento que figura no [anexo XII](#).

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Delgado Martín, quen propón que se efectúe un repaso xeral do punto de vista formal do documento, pois percíbense algúns problemas de puntuación. Interesase tamén pola vixencia do regulamento, unha vez modificado. E remata a súa intervención centrándose nos informes que teñen que facer os membros do tribunal logo da lectura da tese e nos idiomas que se poden empregar na tese. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Investigación indícalle que este regulamento, en principio, terá vixencia até o ano 2014, sen prexuízo de ter que facer un novo regulamento para encaixar todos os cambios que se están a producir. E a respecto dos informes e o idioma de tese, sinálalle que se manteñen os informes que había que facer logo da lectura de tese e que os idiomas que se poden empregar son os que permite a normativa reguladora.

Tamén participa na quenda de intervencións o Sr. Casabella López, para falar do rexistro das teses, ao que lle responde a Sra. Vicerreitora indicándolle que, alén da base de datos TESEO, está o rexistro propio da Universidade da Coruña. Intervén igualmente o Sr. Rodríguez Gayán, que propón substituír *trimestre* por *tres meses* que é o que fai norma marco.

Apróbase por asentimento a modificación do Regulamento de doutoramento tal e como figura no [anexo XIII](#).

## **11. Regulamento da Comisión de Mestrado e Doutoramento**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, que explica os motivos que xustifican a proposta de Regulamento da Comisión de Mestrado e Doutoramento que figura no [anexo XIV](#).

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Casteleiro Maldonado, quen considera que é prematuro a creación da Comisión de Mestrado e Doutoramento, precisamente polo feito de que non está moi



claro como van quedar os estudos de doutoramento. Ademais, o Sr. Casteleiro Maldonado considera que esta proposta contradí o que para tales efectos regulan os Estatutos da Universidade da Coruña, razón pola que considera máis oportuno adiar este asunto para sesións posteriores do Consello de Goberno. En todo caso, e centrándose no contido desta proposta de regulamento, non comparte a redacción do artigo 2.3, segundo o cal as xuntas de centro teñen recoñecida a facultade de propoñeren mestrados e doutoramentos, pois o máis lóxico sería que soamente informasen das propostas. Tamén considera que a representación do persoal docente e investigador por ramas científicas da Universidade da Coruña non está o suficientemente equilibrada. Remata centrándose na súa disposición adicional e o seu impacto derogatorio.

Toma a palabra o Sr. Delgado Martín, quen declara que coincide, en termos xerais, coa intervención do Sr. Casteleiro Maldonado e pon de manifesto que a proposta de regulamento lle atribúe a esta comisión moitas competencias, a pesar de que non se trata dunha comisión delegada do Consello de Goberno, mais si elixida polo propio Consello de Goberno. Remata preguntando polas razóns que xustifican que non haxa profesorado non-doutor.

En resposta, a Sra. Vicerreitora de Investigación respóndelles retomando as razóns que xustifican esta proposta, cuxa presentación aquí non é prematura. O feito de que a situación sexa cambiante é algo que asume a Vicerreitoría de Investigación, como proba esta proposta, que ten como finalidade anticiparse aos cambios que xa se están a producir. Ademais do que a Asesoría Xurídica ten afirmado ao respecto, a Sra. Vicerreitora de Investigación non considera que esta proposta contradiga o establecido polos Estatutos da Universidade da Coruña sobre a materia, porque se propón unha comisión de doutoramento, que é o que esixen os Estatutos, que tamén é, a maiores, de mestrado. Logo de indicar que o artigo 2.3 tenta ser unha reprodución do establecido pola norma estatal reguladora do tema, igualmente sinala en relación coa composición desta comisión que se tivo en conta a distribución do profesorado e do estudiantado nesta universidade. Remata a súa intervención sinalando que a disposición final non deroga obviamente os Estatutos da Universidade da Coruña, que a Comisión non é delegada como tampouco o era a Comisión de Doutoramento, a que substitúe en todas as súas competencias e, por último, que o feito de que o persoal docente e investigador teña a condición de doutor é unha consecuencia do que están a pedir a lexislación que se ten promulgado e que se vai promulgar. Reincidindo sobre o manifestado pola Sra.

Vicerreitora de Investigación, intervén o Sr. Vicerreitor de Profesorado. Retoma a palabra o Sr. Casteleiro Maldonado para insistir na idea de que esta proposta vulnera os Estatutos da Universidade da Coruña e para indicar tamén que se debería especificar que se mantén e que é o que non se mantén.

Unha vez rematada a intervención da Sra. Vicerreitora de Investigación, toma a palabra o Sr. Soraluze Blond, quen considera que esta comisión debería denominarse Comisión de Doutoramento e Mestrados Oficiais, ao que lle resposta a Sra. Vicerreitora de Investigación que se trata dunha proposta moi lóxica, pero a denominación legal actual é da mestrados universitarios.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Fernández para evidenciar a circunstancia de que hai estudantes que si poden formalizar a súa matrícula en cursos de doutoramento sen seren titulados, a diferenza de profesorado do seu centro ao que se lles denega formar parte dos citados cursos. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións indícalle cales son os requisitos actualmente esixidos na matrícula nos cursos de doutoramento, que unha vez cumpridos permiten que todas as persoas acceder a eles.

Coas abstencións dos Sres. Casteleiro Maldonado e Delgado Martín, aprobase por asentimento a proposta de Regulamento da Comisión de Mestrado e Doutoramento que figura no [anexo XV](#), coa inclusión dos cambios propostos pola Asesoría Xurídica.

## **12. Elección de membros da Comisión de Mestrado e Doutoramento**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen lles explica aos membros do Consello de Goberno de cal é procedemento para a elección dos membros da Comisión de Mestrado e Doutoramento, que comeza coa presentación de candidaturas, continúa coa proclamación provisoria de candidaturas e de reclamacións, se as houber, contra esta proclamación, e remata coas votacións das candidaturas proclamadas definitivamente.

Logo das súas explicacións, ábrese unha quenda de intervencións en que participan o Sr. Fernández López, quen se interesa polos pasos que deben darse no caso do persoal de administración e servizos; e o Sr. Soraluze

Blond, que pregunta se xa hai unha proposta de candidaturas, ao que lle responde positivamente a Sra. Vicerreitora de Investigación.

Formalizada a primeira fase do procedemento coa presentación das candidaturas requiridas, os membros do Consello de Goberno acordan que non é necesario seguir co procedemento, de modo que quedan elixidos como membros da Comisión de Mestrado e Doutoramento as persoas que figuran como candidatas e que son as que constan no [anexo XVI](#).

### **13. Reforma do Regulamento de símbolos, honras e protocolo**

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación, quen explica a proposta de reforma parcial do Regulamento de símbolos, honras e protocolo que figura no [anexo XVII](#). Trátase dun conxunto de cambios a través dos que se persegue certa axilidade e proxectar unha imaxe moderna, dinámica e innovadora da Universidade da Coruña. Trátase, con todo, dunha proposta que implicará, de ser aprobada, un período onde coexistirán o emblema oficial da Universidade da Coruña, que loxicamente se mantén, cos novos logos, que teñen como fin o de seren empregados para usos correntes. Remata a súa intervención explicando as medidas que se van adaptar para evitar os custos económicos da aplicación desta reforma e que, basicamente, se reconducen a existencia de distintos formatos na páxina web da nosa universidade, que poderán ser descargados.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Soraluce Blond, quen se interesa pola vixencia do artigo 20, ao que lle responde o Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación dicíndolle que está en vigor. O Sr. Soraluce Blond non comparte que este precepto se remita á páxina web da Universidade da Coruña. Remata a súa intervención considerando que o Gabinete de Comunicación ten atribuídas demasiadas funcións, que nalgúns casos son realmente importantes. Igualmente, interveñen os Sres. Ferreiro Baamonde e Casteleiro Maldonado sobre cuestións relacionadas coas preferencias nos actos: o primeiro indica que talvez debería falarse de profesorado doutor con vinculación permanente no texto. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación sinala que a remisión ao web da nosa universidade forma parte da idea de ofrecer unha imaxe máis moderna da universidade e que a orde de preferencias é a que figura nos anexos desde sempre, aínda que parece moi lóxica a proposta do Sr. Ferreiro Baamonde. E a respecto das competencias do Gabinete de Comunicación, considera atinadas as observacións do Sr. Soraluce Blond, razón pola que

as autorizacións sobre as que incide a proposta de reforma serán dadas polo Vicerreitoría de Cultura e Comunicación e a Secretaría Xeral, mediante en todo caso informe do Gabinete de Comunicación.

Cos cambios propostos, apróbase por asentimento a proposta de reforma parcial do regulamento de símbolos, honras e protocolo que figura no [anexo XVIII](#).

#### **14. Prazas de profesorado**

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da convocatoria ordinaria de prazas de profesorado que figura no [anexo XIX](#), con exclusión de praza de contratado doutor na área de Socioloxía. A proposta, que conta co informe favorable da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP), apróbase por asentimento e queda como figura no [anexo XX](#).

Segue co uso da palabra o Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da convocatoria de prazas de mestrados oficiais que figura no [anexo XXI](#). A proposta, que conta con informe favorable da COAP, apróbase por asentimento dos membros do Consello de Goberno.

Igualmente, o Sr. Vicerreitor de Profesorado informa os membros do Consello de Goberno dos cambios de dedicación solicitados que figuran no [anexo XXII](#), que contan co informe favorable da COAP. Os cambios en cuestión resultan aprobados por asentimento dos membros do Consello de Goberno.

Remata este punto da orde do día o Sr. Vicerreitor de Profesorado dándolles conta aos membros do Consello de Goberno da convocatoria de prazas de profesorado para a promoción de investigadores contratados Parga Pondal que están acreditados, que figura no [anexo XXIII](#). Apróbase por asentimento a convocatoria, mais queda condicionada a que se cumpran os trámites administrativos establecidos para tales efectos e referidos á valoración positiva da súa actividade (programa Manuel Colmeiro).

## **15. Licenzas**

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta das solicitudes de concesión de licenzas para os efectos de docencia e investigación, que figuran no [anexo XXIV](#) e que foron informadas favorablemente pola COAP, apróbase por asentimento a relación de licenzas que figuran no citado anexo.

## **16. Venias docentes**

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da relación de solicitudes presentadas para os efectos de concesión de venias docentes, que figura no [anexo XXV](#), os membros do Consello de Goberno aproban por asentimento as solicitudes de licenza en cuestión.

## **17. Profesorado honorario**

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, que informa da proposta de nomeamento de profesor honorario que figura no [anexo XXVI](#) e que conta co informe favorable da COAP.

Apróbase por asentimento a proposta de nomeamento en cuestión.

## **18. Quenda aberta de intervencións**

Toma a palabra a Sra. Vicerreitora de Investigación para informar da renovación de todas as mencións de calidade dos programas de doutoramento da Universidade da Coruña que tiñan este distintivo e tamén de dúas novas mencións.

Toma a palabra o Sr. Casteleiro Maldonado, quen insiste no mal estado do Campus de Elviña. Remata a súa intervención interesándose polo publicado nos medios de comunicación sobre o segundo ciclo de Medicina na Universidade da Coruña. O Sr. Reitor respóndelle que se trata do convenio asinado no mes de maio polas tres universidades galegas coa Consellería de Sanidade para a realización das prácticas clínicas nos hospitais universitarios, sempre baixo a tutela de profesorado colaborador dependente do SERGAS, que para tales efectos deberá contar coa venia docente das tres universidades galegas.

Toma a palabra o Sr. Ferreiro Baamonde, quen se interesa pola tramitación económica das axudas concedidas ao abeiro da III convocatoria de axudas a proxectos de investigación en cooperación ao desenvolvemento. Fondo 0.7 UDC, e tamén polo borrador do Estatuto do Profesorado. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación indícalle que aquelas axudas se tramitarán no ámbito concreto dos centros. E o Sr. Reitor indícalle que nas sesións dos órganos en que estivo presente representando a Universidade da Coruña só se comunicaba que existía un borrador, mais nunca se falaba do seu contido.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Fernández, que pregunta polos criterios que se seguiron para lle dar ao seu centro dous profesores responsables de calidade. O Sr. Reitor dille que neste momento non está a Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías para poder darlle unha resposta, mais esta faráselle chegar proximamente. O Sr. Rodríguez Fernández entende que se fai moi necesario a figura do profesorado responsable de calidade tendo en conta que no seu centro igualmente incide o tema da certificación ISO.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 14.00 h.